



#### A Rede de Aulas Forestais da Provincia de Lugo

Coas Aulas Forestais, a Consellería do Medio Rural pretende fomentar a cultura forestal a través de actividades de educación e divulgación dirixidas a diferentes axentes do sector forestal e ao público en xeral, pero especialmente aos máis novos, para os cales existe un programa de actividades específico.

Máis información: **tel 982 29 45 31**

Aula de Os trollos: **tel 982 42 60 31**



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



# OS TROLLOS

## A U L A F O R E S T A L

**Bóveda | Provincia de Lugo**

**TEL 982 42 60 31**




XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



medio rural



## OS TROLLOS AULA FORESTAL



A Aula Forestal de Os Trollos localízase preto da vila de Bóveda (Lugo) nun contorno natural e propiamente forestal. Conta con 30 has. de superficie na que se dispón de instalacións preparadas para a recepción dos visitantes e para a realización de diversas actividades de educación e divulgación dirixidas ao público en xeral, pero especialmente aos máis novos.

### COMO CHEGAR

#### Dende Sarria

Debemos coller a estrada C-546 en dirección Bóveda. Aproximadamente no Km. 48, despois de pasar unha ponte e nunha pequena subida, á marxe dereita, hai un cercado cor verde e un sinal indica a entrada á aula.

#### Dende Monforte de Lemos

Tomamos a estrada C-546 cara a Bóveda. A 7 Km de Monforte de Lemos e á marxe esquerda está situada a aula forestal.

### ACTIVIDADES

A Aula Forestal conta cunha exposición adicada a explicar dun xeito sinxelo e ameno, o ciclo das árbores dende a súa plantación ata a súa corta, así como os diferentes pasos de transformación da madeira.

Tamén se pode fazer a reserva para unha visita guiada en grupos (aproximadamente 50 persoas) ao número de teléfono 982 42 60 31.

Estas visitas contan primeiramente coa presentación de Aula Forestal e o seu contorno, para continuar deseguido coa explicación da exposición existente. Unha vez completada a visita á exposición, pódese realizar un itinerario (con ou sen guía) polo entorno da aula camiñando por un sendeiro fluvial, polo viveiro de planta forestal e o arboreto. Este percorrido ten unha duración estimada de 1 hora de duración.

Así mesmo, a aula conta cunha zona de lecer, con bancos e mesas de pedra ao aire libre, na que se pode descansar ou ben xantar.

Para os que dispoñan de máis tempo dende a aula de Os Trollos parten dúas rutas de sendeirismo; a ruta de Os Trollos de 5 km e a ruta da Serra das Penas de 18 km, ambas as dúas transcorren por diversos tipos de ecosistemas destacando os piñeiraos as carballeiraos e os soutos enlazando lugares singulares polos seus valores paisaxísticos, forestais e ambientais.



### EXPOSICIÓN ACHEGATE AO MONTE

#### Bloques temáticos:

- Viveiros e sementes
- Coidados do monte: Utensilios de traballo e ferramentas manuais
- Transformación de madeira: procesos básicos
- A madeira na industria
- Produtos complementarios do monte
- Costumes e tradicións
- A propiedade do monte